



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio Rural Agrupado de Coristanco - Santa Comba

Lugar da Esfarrapa, 52

15147 Coristanco – A CORUÑA

Teléfonos: 881 880552 / 981 881327

Fax: 901 707 622

Correo electrónico: cra.coristanco-santacomba@edu.xunta.gal

PLAN DE ENSINO VIRTUAL

do CRA de Coristanco - Santa Comba

CURSO 2020/21



1. Actividade lectiva a distancia

No caso dun peche ou confinamento parcial do centro o mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Ademais, habilitará na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias a través da aula virtual.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.

- **Apertura dunha sala de mensaxería na aplicación Abalar**, para establecer unha canle de comunicación fluída coas familias.
- **Plataforma de videoconferencia institucional Webex**, onde o profesorado estará conectado en tempo real no horario explicado no seguinte apartado, para dar docencia e resolver dúbidas, compartir contidos e favorecer a interacción co alumnado.
- **Aula virtual e páxina web do centro**: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas. Todos estes contidos serán colgados diariamente coa proposta de traballo e as tarefas planificadas en ambos os dous espazos. A entrega de tarefas e traballos por parte do alumnado realizarase a través da aula virtual cos prazos establecidos.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario.

2. Horario espello

O 60% do tempo destinarase á **docencia virtual** e o outro 40% a **tarefas a realizar por parte do alumnado**. As horas de docencia virtual incluírán horas de atención on-line e horas de videoconferencias. O profesorado estará conectado no horario que lle corresponde a unha sala Webex para a atención ao alumnado. O tempo restante corresponde ao dedicado por parte do alumnado á realización das tarefas encomendadas.



En cada grupo mixto respectarase os horarios establecido dende o principio de curso para cada grupo, alternando as sesións de titoría e de especialidades, tal e como corresponde nun día lectivo habitual.

No horario que segue, as casiñas en verde son as horas de docencia virtual. As marcadas en amarelo son as horas que o alumnado dedicará a realizar tarefas. No caso das especialidades unha hora será de docencia virtual e a outra o alumno dedicarse á realización de tarefas desa especialidade.

GRUPO MIXTO DA ESCOLA DE SAN CRISTOVO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10					E.FÍSICA
10:10 - 11:05					E.FÍSICA
11:05 - 12:00					
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20			MÚSICA		RELIXIÓN
13:20 – 14:15	INGLÉS		PLÁSTICA	INGLÉS	RELIXIÓN

GRUPO MIXTO DA ESCOLA DE LAÑAS

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10	RELIXIÓN			E.FÍSICA	MÚSICA
10:10 - 11:05				E.FÍSICA	
11:05 - 12:00					
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20					
13:20 – 14:15		INGLÉS			



GRUPO MIXTO DA ESCOLA DO BUSTO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10					
10:10 - 11:05			MÚSICA		RELIXIÓN
11:05 - 12:00		INGLÉS	PLÁSTICA	INGLÉS	RELIXIÓN
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20					E.FÍSICA
13:20 – 14:15					E.FÍSICA

GRUPO MIXTO DA ESCOLA DA RABADEIRA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10					
10:10 - 11:05		E.FÍSICA	INGLÉS	MÚSICA	
11:05 - 12:00		E.FÍSICA	INGLÉS	PLÁSTICA	
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20	RELIXIÓN				
13:20 – 14:15	RELIXIÓN				



GRUPO MIXTO DA ESCOLA DE FEIRANOVA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10					
10:10 - 11:05		PLÁSTICA			INGLÉS
11:05 - 12:00		MÚSICA			INGLÉS
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20	E.FÍSICA			RELIXIÓN	
13:20 – 14:15	E.FÍSICA			RELIXIÓN	

GRUPO MIXTO DA ESCOLA DE XAVIÑA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10					
10:10 - 11:05	E.FÍSICA			RELIXIÓN	
11:05 - 12:00	E.FÍSICA			RELIXIÓN	
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20		MÚSICA			INGLÉS
13:20 – 14:15		PLÁSTICA			INGLÉS



GRUPO MIXTO DA ESCOLA DE OCA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 – 10:10	RELIXIÓN				
10:10 - 11:05	RELIXIÓN				
11:05 - 12:00					
12:00 – 12:25	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer	Lecer
12:25 – 13:20		E.FÍSICA	INGLÉS	PLÁSTICA	
13:20 – 14:15		E.FÍSICA	INGLÉS	MÚSICA	

Os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe manterán o seu horario lectivo habitual en función da atención individualizada do alumnado NEAE. Para elo, conectaranse en salas Webex paralelas á da súa aula, así como contarán cun espazo propio na Aula Virtual. A mestra de apoio estará disponible no seu horario habitual nas escolas correspondentes.

3. Control da asistencia e da avaliación.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido. O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Na distribución horaria establecerase unha sesión de titoría para para as familias conforme o horario habitual.

No caso da docencia feita por videoconferencia Webex ou nas conexións de titoría realizarase **un rexistro a través da aplicación Cisco Webex**, do número de conexións e do tempo de duración. **Do mesmo xeito, realizarase o rexistro a través da Aula Virtual** das actividades, tarefas e lecturas obrigatorias, así como doutro material de consulta.



4. Formación e información

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia o claustro do profesorado realizou o curso de **Actualización de ferramentas tecnolóxicas** fornecido polo CEFORE. Dado que contamos con alumnado de Ed.Infantil e 1º e 2º de Ed.Primaria serán as familias as que de xeito maioritario deberán subir as actividades. Con anterioridade a un eventual peche ou confinamento parcial o profesorado do centro fará simulacros para que as familias coñezan o manexo das ferramentas virtuais que se manexen, e poñeranse a disposición vídeos titoriais para a súa formación.

Este Plan de Ensino Virtual será publicado na páxina web do centro e comunicarse a súa publicación a través de abalarMóbil.

5. Distribución de medios informáticos

- Para garantir o dereito a educación e a súa equidade poremos a disposición do alumnado que o precise os medios informáticos necesarios que a Administración nos facilite, dado que o noso centro ten recursos informáticos limitados.
- O mesmo día do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, a dirección dos centro trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir. A inspección trasladará a Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata.
- Unha vez recibido o equipamento tecnolóxico o centro educativo responsabilizarase da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.